

BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME I / NUM. 4
SEMANAS 47-48/1986
(17 ó 30 de novembro)



CONSELLERÍA DE SANIDADE
E SEGURIDADE SOCIAL

30 DE XANEIRO DE 1986

PROGRAMA DE SAÚDE BUCO-DENTAL EN GALICIA

Xustificación

A CARIE DENTAL e a ENFERMIDADE PERIODONTAL son as afeccións máis comúns do home occidental. Estas dúas entidades conducen, sen tratamento, á perda das estruturas dentarias. A ausencia parcial ou total dos dentes crea un senfín de problemas ó individuo, producindo alteracións funcionais (alteracións da fala, masticación, articulación temporo-mandibular), morfolóxicas (atrofia do óso alveolar, modificación do esqueleto cráneo-facial, desfiguración facial) e patolóxicas (infeccións e inflamación do órgano dentario e estructuras próximas e alonxadas, como o corazón, endocardite bacteriana...), podendo chegar a poñer en perigo a vida do individuo.

En Galicia, como no resto de España, a frecuencia da CARIE DENTAL é moi elevada, afectando a máis do 85% dos rapaces en idade escolar (SMYTH, 1984). Ademais do padecemento persoal, as enfermidades buco-dentais supoñen un custo importante, tanto para o individuo como para a sociedade, representado en Inglaterra por 12 millóns de días de traballo anuais perdidos por problemas buco-dentais.

O éxito obtido noutros países na loita por previ-la carie dental pensamos que xustifica a posta en marcha na nosa Comunidade Autónoma dunha campaña de Prevención da CARIE DENTAL.

¿Cómo previ-la carie dental?

Para que exista CARIE, ten que concorre-la existencia de 3 factores:

- O dente susceptible de ser atacado.
- Unha dieta alimenticia «carioxénica» rica en carboidratos.
- A PLACA BACTERIANA: Conxunto de microorganismos e outros produtos (glicoproteínas salivares, restos celulares, etc.), que se encontran adheridos á superficie dos dentes.

Cando estes 3 elementos se encontran presentes, a carie dental aparece. Aínda que non é ben coñecido o mecanismo patoxénico da carie, hoxe aceptase pola maioría dos investigadores, que a teoría que máis se aproxima á realidade é a baseada nas ideas de W.D.

MILLER en 1890. Este autor anunciou a súa teoría como «Teoría acidóxena ou quimioparasitaria». En resumo, os hidratos de carbono da dieta, ó entrar en contacto coa placa, fermentan, dando lugar á formación de diversos ácidos que destrúen as partes duras do dente susceptible.

Do enunciado anteriormente dedúcese que a CARIE é o resultado da suma de tres factores (dente + dieta + placa) contra os que haberá que establecer unha triple loita:

- 1) Facendo que o dente susceptible do ataque da carie se faga máis resistente.
- 2) Modificando a dieta carioxénica por unha dieta máis adecuada, compatible cunha boa saúde buco-dental.
- 3) Controlando e eliminando a PLACA BACTERIANA ou DENTAL.

No ánimo desta triple loita oriéntase a Campaña contra a carie, que se basea a nivel práctico en:

1.—Administrar flúor en colutorios ós escolares: O flúor ten un marcado efecto anticarie xa que actúa sobre o esmalte do dente facéndoo máis resistente ó ataque ácido. O flúor reduce a solubilidade da apatita aumentando a súa resistencia ó ataque ácido ó converterla hidroxiapatita en fluorapatita. Ademais, o flúor actúa sobre a placa bacteriana da superficie dos dentes e inactiva parcialmente, facéndoa menos prexudicial e diminuindo a producción de ácidos.

2.—Facer unha Campaña Institucional nos colexios e medios de comunicación social co fin de estimular a rapaces e adultos a unha mellora da hixiene BUCODENTAL, baseada nunha mellora do cepillado dos dentes (control e eliminación da placa bacteriana) e unha recomendación de menor inxestión de alimentos carioxénicos, ricos en hidratos de carbono.

Obxectivos

Os índices epidemiológicos de carie dental en Galicia sinalan uns valores similares, ealgúns casos inferiores, ós doutras rexións españolas. Os traballos de García Ballesta (1982) de Barbería e cols. (1983) sinalan un índice de carie en España do 83%, igual có obtido en Galicia polo Dr. Domínguez Carmona e cols. (curso

69-70), e máis alto có atopado na provincia de Pontevedra por Smyth Chamosa, Gestal e Taracido (1986), que dan un 81.4%.

Os datos extraídos dos recoñecementos escolares ordinarios durante os cursos 83-84 (plan piloto) e 84-85 (1.^º ano da aplicación da Lei de Sanidade Escolar) confirman un alto índice de morbilidade bucal en Galicia, ó igual que outras Comunidades Autónomas e outros países, fundamentalmente carie dental. Isto, unido ó feito de que os recursos públicos son absolutamente insuficientes e insatisfactorios (limitándose ás exodoncias), obriga á Administración Sanitaria a abordala decididamente, e xustifica que se lle adique unha notable cantidade de recursos materiais para combatela.

Tres liñas de actuación serán en definitiva os obxectivos do PROGRAMA DE SAÚDE BUZO-DENTAL que se propón a Consellería de Sanidade e Seguridade Social:

A.—*Promoción e inculcación dunha correcta hixiene buco-dental.*

B.—*Promoción e inculcación de hábitos dietéticos correctos, non carioxénicos.*

C.—*Promoción «segura» do uso de fluoruros.*

A continuación desenvólvense estes obxectivos no que supoñerán de accións por parte da Consellería de Sanidade y Seguridade Social:

A.—*Promoción e inculcación dunha correcta hixiene buco-dental.*

Basearse no uso correcto e actualmente concebido da educación para a saúde, que supoñerá á Consellería de Sanidade:

a.1.—Motivar e poñer á disposición dos «EDUCADORES NATURAIS» (pais, docentes e persoas ou personalidades de influencia social) os materiais de divulgación e didácticos para incorporalos á súa actividade cotiaria.

a.2.—Instruí-los colectivos antes mencionados mediante ciclos de conferencias, charlas, audiovisuais e facilitación dunha breve e atractiva publicación (MANUAL PARA O EDUCADOR). O persoal sanitario volcará a súa máxima dedicación neste aspecto.

a.3.—Concreción da sistemática de Instrucción ós educadores por parte do persoal sanitario ó que se lle determinarán os contidos temáticos, sistemáticos de exposición e medios.

a.4.—Explícita evitación das funcións educativas realizadas polos sanitarios e dirixidas ós escolares (aqueles, xeralmente, malos educadores).

B.—*Promoción e inculcación de hábitos dietéticos correctos, non carioxénicos.*

Igualmente basearanse sobre a utilización da educación para a saúde como medio, e igualmente supón:

b.1.—Motivación dos «educadores naturais» e disponibilidade por eles de recursos didácticos.

b.2.—Instrucción destes colectivos mediante a mesma sistemática antes exposta.

b.3.—Igualmente concreción da sistemática da Instrucción.

b.4.—Evitación polo mesmo motivo antedito, da comunicación sanitario-escolar.

b.5.—Accións directas sobre a organización de minutas escolares nos comedores colectivos dos centros polo sistema da asesoría técnica dos farmacéuticos e veterinarios titulares ós responsables do comedor do centro en cuestión.

C.—*Promoción «SEGURA» do uso de fluoruros.*

c.1.—Garantía de que o programa de enxaugaduras

de flúor ó 0.2% semanal é COÑECIDO polos pais ou tutores do escolar, en evitación de duplicidades de sistemáticas de fluoración.

c.2.—Garantía de que o uso de colutorios nunha localidade está indicado pola baixa concentración deste elemento na dieta habitual da zona, o que requirirá o visto e prace da Inspección Farmacéutica Municipal.

c.3.—Evitación da sensación, na poboación, de «ESTAR VACINADA CONTRA A CARIÉ» polo feito de utilizar os colutorios.

c.4.—Garantía de que o programa de enxaugaduras de flúor é COÑECIDO polas autoridades municipais, para evitar duplicidades de sistemáticas de fluoración.

Pretensión do programa

1.—A curto prazo.—Sensibiliza-la poboación en xeral, e ós escolares obxecto do Programa en particular, sobre a importancia que ten o coidado da dentadura, xa que a ausencia parcial ou total de dentes créalle un senfin de problemas ó individuo, producindo alteracións funcionais, morfolóxicas e patolóxicas, podendo chegar a poñer en perigo a súa vida.

2.—A medio prazo.—Reduci-la prevalencia de carie dental, mediante as accións que se van emprender nos centros escolares. Está calculado, en termos xerais, que a efectividade dos buches ou colutorios de flúor nas escolas é dun 9% no primeiro ano de aplicación e ata un 48% en anos sucesivos.

3.—A longo prazo.—A mellora do estado da SAÚDE BUZO-DENTAL, promovida desde os primeiros anos de escolarización, vai repercutir na mellora do estado xeral de saúde e na reducción do número de horas de traballo perdidas en actividades restauradoras. En Inglaterra calcúlase que se perden 12 millóns de días de traballo anuais por problemas buco-dentais.

Aplicación Criterios organizativos

Establécense tres ordes de organización distintas cara á consecución dos obxectivos expostos no capítulo anterior:

A.—Da concreción temática e metodolóxica por parte daquel persoal sobre o que recaerá fundamentalmente o labor de instruí-los educadores (médicos e A.T.S. de Promoción e Protección da Saúde, outro persoal asignado ó Programa, dos Servicios Provinciais, e médicos e demais sanitarios locais).

a.1.—Celebración do I CURSO DE INICIACIÓN Á EXPLORACIÓN BUZO-DENTAL no Salón de Actos do Edificio Administrativo de San Caetano durante os días 8, 9 e 10 de outubro de 1986, con asistencia de 250 profesionais sanitarios, e impartido por cualificados profesores de Escolas de Estomatoloxía da nosa Comunidade Autónoma e do resto do Estado, versando sobre:

—Profundización no coñecemento das técnicas de exploración buzo-dental e familiarización coa ficha dental e a forma de cubrila.

—Límites temáticos de divulgación sobre a saúde buco-dental e as súas diferentes posibilidades de uso en función do auditorio.

—Coñecemento e manexo do material obxecto do seu posterior uso durante a aplicación do Programa de Saúde Buco-dental.

a.2.—Elaboración dunha publicación tipo MANUAL, moi breve e atractiva, dirixida a docentes e pais, de moi dada comprensión, sobre a SAÚDE BUCODENTAL, que abranga:

—Representación da estrutura do dente, e reflexións sobre a importancia de mantelo san e os inconvenientes para a saúde xeral individual cando se encontra cariado.

—Somero relato da cronoxía das dúas erupcións dentarias (temporal e definitiva), salientando o especial coidado do primeiro molar definitivo.

—Representación gráfica das técnicas CORRECTAS de hixiene bucal, facendo fincapé en que estas son o ineludible camiño polo que hai que promove-la saúde buco-dental do individuo.

—Comentarios ó uso colectivo e/ou individual do flúor como medida de apoio a unha correcta hixiene buco-dental.

—Recomendacións dietéticas e advertencias de hábitos carioxénicos por causa nutricional.

—Estímulo á consulta estomatolóxica preventiva, ou cando menos á médica xeral, para a detección e asistencia precoz (máis económica) acerca do estado das pezas dentarias.

a.3.—Material didáctico, con destino á instrucción dos educadores e elaborado por:

—Persoal adscrito ó Programa de Saúde Buco-dental.

—Creativos de Imaxe e Publicidade.

B.—Sistématica da distribución do material de divulgación.

Organizaranse uns BANCOS DE MATERIAL DIDÁCTICO con sede nas catro Delegacións, que en conxunto estarán compostos polos seguintes elementos:

b.1.—Publicación tipo MANUAL, moi breve e atractiva, dirixida a docentes, de moi dada comprensión, acerca da saúde buco-dental, comprendendo o anteriormente sinalado (subepígrafe a.2.).

b.2.—Triptico con destino ós pais dos alumnos para divulga-lo coñecemento xeral do Programa.

b.3.—Cómic didáctico, a toda cor, para repartir durante as diversas fases do Programa entre os alumnos obxecto do mesmo.

b.4.—Carteis estáticos, de moi alta distribución indiscriminada, buscando a sensibilización e o coñecemento xeral por parte da poboación.

b.5.—Vídeo didáctico con mixtura de animación e imaxe real, incluíndo:

1.—Anatomía do dente.

2.—Erupción do primeiro molar definitivo e disposición do resto dos dentes a partir del.

3.—¿Como é e como se forma a placa bacteriana?

4.—¿Como evita-la placa bacteriana?

5.—Recomendacións dietéticas.

b.6.—Pegatinas a toda cor e troqueladas que se repartirán entre os alumnos de cada colexiado para manter viva a imaxe do Programa.

b.7.—Porta-cepillos de poliestireno para distribuír entre os alumnos obxecto do programa.

C.—Da organización na distribución do material de profilaxe:

c.1.—Distribución da solución de flúor ó 0.2%.

c.1.1.—Coñecemento por parte do farmacéutico titular dos niveis de flúor na auga de bebida da poboación obxecto do Programa: caso de descoñece-lo dato, consultaría coa Xefatura do Servicio de Sanidade Ambiental da Consellería de Sanidade e Seguridade Social, onde dispoñen de datos ó respecto, e ante a dúbida, determina-

nación mediante a remisión de mostras de auga (ou productos vexetais oriundos do lugar) sospeitosas de alta concentración ós laboratorios pertinentes.

c.1.2.—A través dos almacéns de farmacia e farmacéuticos titulares (distribución farmacéutica), faranse as entregas fraccionadas con destino a centros rurais da demarcación do titular xunto cos suministros habituais de especialidades farmacéuticas.

c.1.3.—Colaboración cos Concellos das sete grandes ciudades e algún outro núcleo importante, para a súa distribución nos centros docentes da súa área.

c.2.—Distribución dos cepillos dentais e pastillas revestidoras de placa.

c.2.1.—Organizáronse bancos deste material nas catro Delegacións para a súa distribución, por medio das unidades móveis, a aqueles centros que soliciten a súa adhesión ó Programa, e segundo criterios de comarcalización.

Metodoloxía

Definidos os obxectivos fundamentais (capítulo II) e establecidos os criterios organizativos do Programa de Saúde Buco-Dental, preténdese desenvolverlo en dúas fases:

1.^a FASE: INFORMATIVA.—Promovendo o coñecemento da posta en marcha do mesmo mediante a comunicación a tódolos sectores implicados de forma directa e indirecta, esta última propiciada a través da difusión nos medios de comunicación e a súa divulgación a través do material de educación sanitaria.

a) Comunicación directa.

a.1.—Remitindo escritos ós directores de tódolos centros docentes (públicos e privados), poñendo no seu coñecemento os obxectivos do Programa e metodoloxía de aplicación, estimulándoo a participar no mesmo. Instaráselles a que soliciten a súa adhesión ó Programa, resaltando que se trata dunha actividade extraescolar máis, sinxela e breve, que contribuirá á formación integral dos alumnos. Comunicarán a súa participación no Programa poñéndose en contacto co Xefe Local de Sanidade do Concello correspondente, ou ben dirixindose ás Delegacións Provinciais da Consellería de Sanidade e Seguridade Social.

a.2.—Remitindo escritos ás Asociacións de Pais de Alumnos (APAS), informándoo do desenvolvemento do Programa e solicitando colaboración no que fose preciso para a súa normal aplicación. Non cabe dúbida de que o seu aprecio polo Programa e a súa vontade por desenvolverlo supoñerá en boa medida a súa garantía de éxito.

a.3.—Promovendo a participación dos sanitarios locais no Programa, instándoo a impartir charlas educativas dirixidas a persoal docente e pais de alumnos, nas que expoñerán os obxectivos do Programa de Saúde Buco-dental, e concretarán as accións primordiais que se van realizar nos colexios. Correspondelas, así mesmo, establece-lo seguimento do uso dos colutorios, así como o labor de asesoría, ben no que respecta ó método e sistématica do seu uso ou ben informando á poboación escolar e APAS acerca do sentido da dita enxaugadura.

a.4.—Os médicos de Promoción e Protección da Saúde, cada un na súa área sanitaria, elaborarán a programación das charlas dirixidas ós docentes e pais de alumnos nas que se expoñerán os beneficios do Programa de

ENFERMIDADES DE

SEMANAS 47-48/1

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPATIFIOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCÓCICA) (098.0)		GRİPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)	
	1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
1 CEDEIRA					3		1		16		4	258		5			1	50
2 ORTIGUEIRA							2	19	15	657			5			2	25	
3 NARÓN							1		10	15	1.024		15			2	38	
4 AS PONTES					1	4		1	50	101	2.942	2	87			2	7	
5 FERROL					30				37		7.480		155			1	4	
6 FENE					3		2		10	120	2.221		18				13	
7 PONTEDEUME							1		49	78	4.435		10			1	60	
8 CEE					1	7	2	3	16	159	3.205		4			1	71	
9 VIMIANZO											125							
10 PONTECESO					6				25	44	1.638	3	28			1	2	
11 CARBALLO		1					1	1	82	117	2.805		7	1	4	1	106	
12 ARTEIXO						2		2	10		33		3				7	
13 A CORUÑA		1		36		10		241		23.276		239		20			145	
14 CULLEREDO-O BURGO		1				1	1	67	60	998		33		1	6	111		
15 OLEIROS		1				2			26	32	637		8				4	
16 BETANZOS				14		1	5	82	46	2.787		9			4	126		
17 SANTA COMBA							3	34	49	763		4			3	25		
18 NEGREIRA				2		5	2	65	16	719	1	16		1	6	200		
19 ORDES				3		3	7	189	212	4.018		11			9	245		
20 CURTIS-TEIXEIRO		1				2			11	6	625		2			1	24	
21 SANTIAGO				5		8	4	48	55	10.320	5	57	1	8	12	232		
22 MELIDE				2					16	20	375		11				10	
23 MUROS						2		9			625		1				38	
24 NOIA		1				1	1	18	12	1.397		19		4	1	55		
25 PADRON							4	6	90	70	3.008		7	1	4	98		
26 BOIRO						2			6	59	742		4			3	65	
27 RIBEIRA						2	3	9	111	2.820		11			2	90		
28 A ESTRADA						1		11	113	2.664		22			3	29		
29 LALIN				19		19	8	63	111	2.918		19		2	3	59		
30 VILAGARCIA DE AROUSA		11				32			61	256	4.781	4	74		6	12		
31 CALDAS DE REIS				3		3		3	4	516		10			3	21		
32 VILANOVA DE AROUSA				1		2			6	65	1.081	1	15		1	24		
33 CAMBADOS						1	3	25	29	984		4			3	28		
34 O GROVE				1		2			18	346				1		6		
35 SANXENXO						2	5	19	32	743	2	16		3	2	23		
36 PONTEVEDRA		56		14		16	1	39	411	9.382	5	151		17	3	183		
37 FORCAREI						1	1	1	13	502		4			6	30		
38 MARIN				3		2			7	102	1.779	3	64	1	1	51		
39 CANGAS		2				4		3	59	1.385		8	1	3		2		
40 REDONDELA				1		19		2	30	1.840		10		4		19		
41 VIGO		1				18	2	70	104	1.824	1	22	2	49		11		
42 VAL MIÑOR-PANXON				1	1	12		6	42	942		13			9	40		
43 PORRIÑO						23		18	107	1.247		27	1	12	3	52		
44 PONTEAREAS						6	2	46	51	1.426		33		3	3	31		
45 A CAÑIZA						6		1	74	1.240		6		1	4	51		
46 A GARDA						5	1	34	40	771		36		2		47		
47 TUI						5	2	27	35	1.244		1		2	3	52		
48 SALVATERRA DE MIÑO						12			66	1.267		9	2	8		14		
49 VIVEIRO				3			1	55	49	968	1	2		1	2	31		
50 CERVO-BURELA		1				1	2	55	27	1.036	3	101		8	6	44		
51 MONDOÑEDO									1	16		1						
52 RIBADEO		1				2				10	60	2.125		4		3	28	
53 VILALBA						12		3	36	24	851		6		9	2	135	
54 MEIRA		1	1				1	34	40	1.588		4			5	105		
55 FONSAGRADA						2		1	21	640				1	2	54		
56 GUITIRIZ		1					2	21			216		1			4		
57 RABADE		3					2	31	13	654		2				21		
58 LUGO	2	3	42		1	1		73	103	4.838	3	144		23	1	20		
59 CASTROVERDE	1						1	4	2	203	1	3		1		9		
60 PALAS DE REI									4		305						2	
61 MONTERROSO				38			2	16	73	1.229		4		1	4	211		
62 SARRIA		1	1			1	1	62	37	2.901	1	174		6	6	146		
63 BECERREA		1					5	43	149	3.107		3		2	6	74		
64 CHANTADA		1					2	54	118	2.004		39		1	8	156		
65 MONFORTE DE LEMOS	1	6	2			2		10	7	805		8		4	2	19		
66 QUIROGA	3	1	1				1	16	7	141		2				6		
67 O BARCO	3		1			9	3	40	233	5.143	2	12	1	5	38			
68 O CARBALLIÑO						9	2	46	156	4.637		11	1	4	1	44		
69 RIBADAVIA						1		23	65	127	2.979		27		2	4	83	
70 OURENSE	1	8	2			6		30	5	50	112	3.082	30	2	74	7	206	
71 MACEDA		3					2	1	18	56	1.696		7		3	77		
72 CASTRO-CALDELAS							2	3	41	24	917	1	21		1	2	37	
73 A POBRA DE TRIVES		8				1			9	47	1.334				1	1	37	
74 VIANA DO BOLO		2							11	51	901	1	2			3	23	
75 CELANOVA			1		2		10	2	66	143	3.444		9		1	4	48	
76 ALLARIZ		2	2			1	2	65	84	1.460		3		1	5	52		
77 BANDE					4		12	1	40	10	766			1	5		8	
78 XINZO DE LIMIA					7	1	5	7	455	55	2.179		4	1	8	5	52	
79 VERÍN		1	13					11	2	56	110	3.381		9		1	57	
80 A GUDIÑA			7				3	1	42	29	713		1		3	2	20	

DECLARACIÓN OBRIGATORIA

ESTADÍSTICA OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

1986 DO 17 Ó 30 DE NOVEMBRO

PAROTIDITE (072)	PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)	RUBEOLA (056)	REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)	SARAMPELO (055)	SIFILE PRIMARIA- SECUNDARIA (091-092)	TOS FERINA (033)	TUBERCULOSA RESPIRATORIA (010-012)	VARICELA (052)	PROCESOS RESPIRATORIOS (I.R.A.) (460-466)	INTOXICACIONES ALIMENTARIAS (003 e 005)	OTRAS E. D. O.
1986	1986	1986	1986	1986	1986	1986	1986	1986	1986	1986	1986
Casos	Casos	Casos	Casos	Casos	Casos	Casos	Casos	Casos	Casos	Casos	Casos
3	1	262		2	75			58	107	39	1.162
7	4	241		10	102		1		143	54	1.825
3	5	286		7	3	113			36	67	2.356
2	11	1.014		49	13	1		2	260	406	8.272
7	3	3.006		33	117	4	35	20	652		19.788
2	20	12	904	2	10	18		5	1	151	156
25	9	440		14	12	1	8	1	23	135	5.082
4	88	1.103		70	1	3			82	250	2.515
1		35						6	112		5
8	14	712		32	31	1	14	4	1	128	249
13	13	350		2	4	9	31	13	21	204	5.415
7		1.495		6	10	1		1	7	31	3.853
161		8.654		88	477	1	24	139	3	68	1.755
10	6	466		29	86	5	5	10	4	214	296
27		186		1	45	2			1	193	55
1	27	65	1.444	13	23			17	4	185	283
	29	393			86		20	1	1	34	1.311
2	21	12	398		14	2	5	2	19	174	15
1	130	17	426	3	544	1	1	34		4	192
4	5	167		1			3			24	8
2	20	23	1.156	10	22	578	5	27	5	1	480
1	4	161		1	44	1	1	1	1	14	104
	29	668		3	6	3			3	61	115
	8	325		35	94	1	3		6	200	31
25	10	454		24	2	186			1	7	242
14	619	1			6				1	54	45
6	21	555		16	15	3		8	5	156	5
3	51	1.053		12	4	10	1		6	5	312
23	33	1.149		2	189	1	104	1	9	61	389
2	27	84	2.812	1	22	2		1	7	27	305
1		317		2	12				5	41	21
1	11	358		28	6			2	1	3	10
5	5	523		9	1	4	5	34	1	4	47
		340		2					34	92	49
2	21		529		2	3				1	2
1	18	271	6.679	4	20	4	5	11	6	6	41
	11	86	1			2				2	86
2	8	8	683	4	2	1				2	27
10	8	420	4			1				36	133
2	6	6	644	1		18	3	6	3	10	143
1	8	297	3			1	46	1	5	60	7
1	2	13	1.427	74		6	3		1	7	5
6	10	914	6			1	2		1	136	75
9	10	800	35	4	2	10	1		2	8	45
3	30	1.197	31		2	10	1		99	72	1.148
3	25	569	7	1	2		1		5	59	133
4	14	539	9			3			9	15	142
3	25	1.061	3			9		3	4	2	70
2	28	997	15	1		5			2	21	227
12	532	1	1	7		1	2	2	134		2.695
8	51					1	1	1	1	11	293
3	11	427	2	63	3	10	3		2	7	88
8	3	118	1			1			8	49	107
2	13	14	405	5	1	3		4	3	64	145
16	5	500				10			4	24	42
2	2	39	2	1	6			1	17	2	33
2	4	238	12	1	7				50	57	1.299
22	29	1.258	123	1	38			6	25	358	361
1	76	1			1				2	5	75
	35	2			1					6	89
32	12	510	21	1	147			14	2	1	150
1	22	1.195	9	2	7				5	173	271
17	28	826	2	209	1	3			3	8	58
16	24	941	22	54	2	4	2	98	1	1	76
4	5	464	1	7	1	6			7	132	61
		12		19		1				1	21
4	27	923	28			6	1	6	17	727	12.729
5	58	1.445	22	6	3	5	3	5	52	140	329
30	39	724	249	7	27	3		2	13	250	298
14	39	1.293	25	4	21	1	15	5	40	4	259
46	11	507	10	31	2	1		5	42	180	183
1	3	30	499	49	6	15	2	1		9	76
3	4	231	9		5			3	1	6	88
4	4	167	2		74	2			11	20	137
6	29	1.108	237	3	9	94	3		8	105	257
2	16	236	1	5		11			4	2	8
8	47	365	73	7	6	3	2	7	6	25	55
41	12	621	4	1	14	130	3	7	4	52	105
21	55	24	906	13	5	1	13	11	1	11	86
1	1		82			2			2	50	1.039

CASOS ACUMULADOS: ENFERMIDADES DE BAIXA INCIDENCIA

SEMANAS 1-48

Comarca	Enfermidade
10 Ponteceso.....	1 Carbunco
38 Marín.....	1 Tétano
40 Redondela.....	1 Paludismo
	29 Feb. exam.
41 Vigo.....	1 Paludismo
51 Mondoñedo.....	1 Tétano
52 Ribadeo.....	1 Tétano
68 O Carballiño.....	1 Tétano
70 Ourense.....	1 Tétano

(Ven da pág. 3)

Saúde Buco-dental e estimularán ós mesmos para que apoien as accións concretas que se van realizar. Para iso, poñeranse en contacto cos directores dos centros a fin de convocar a docentes e pais en data e hora prefixada. Así mesmo, coordinarán a participación no Programa daqueles estomatólogos que se brindaron a colaborar no mesmo.

a.5.—Instando ós farmacéuticos e veterinarios titulares para que asesoren ós responsables dos centros escolares na confección de minutas non carioxénicas.

b) Comunicación indirecta.

b.1.—Difundirase o Programa a través dos medios de comunicación de masas: TV, radio e prensa.

b.2.—Divulgaranse convocatorias nas Delegacións Provinciais da Consellería de Sanidade e Seguridade Social ós directores e demais persoal docente dos centros escolares e ós pais de alumnos, nas que se exponerán os obxectivos do Programa no seu conxunto, e repartirase material educativo.

2.^a FASE: ACCIÓNS CONCRETAS.—Establecida a primeira fase, que deberá ter unha continuidade, a fin de reforza-las actividades, que se prolongarán durante todo o curso escolar, desenvolverase esta segunda fase, concretándose no seguinte:

a) Experiencia práctica dos alumnos sobre un correcto cepillado, que incluirá o uso de reveladores de placa e auto-exame por parte dos propios alumnos, o que contribuirá, en definitiva, ó perfeccionamento da súa técnica, logo da exposición e posterior supervisión por parte dos profesores.

b) Utilización semanal de buches ou colutorios de solución acuosa de fluoruro sódico ó 0.2% durante un minuto, medida que se extenderá durante 30 semanas do curso escolar.

A metodoloxía da enxaugadura será a seguinte:

Terase unha sesión cada semana, nun día predeterminado. Ese día o «encargado do Programa» (director do colexio ou profesor encargado del) distribuirá a solución de fluoruro de sodio en cada aula, xunto con vasos e servilletas. Utilizarse un vaso e unha servilleta para cada neno e unha bolsa de desbotos por aula.

O profesor será o encargado de enche-los vasos coa dose correspondente e distribuílos ós nenos. Así mesmo dirixirá a realización do buche, indicándolle-lo momento de coloca-la solución na boca, e estimulando verbalmente ós nenos para que fagan pasa-la solución entre os seus dentes, sen tragala, durante un minuto. Pasado o minuto, indicará ós nenos que volten a solución ó vaso, e dentro del depositen tamén a servilleta para empapala e evitar derrames. Tódolos residuos depositánsen nunha bolsa de desbotos e colócase na porta da aula, para que posteriormente a recolla o «asistente do Programa».

Toda a operación dura un tempo aproximado de dez minutos. Por iso sería conveniente realizala ó comienzo das actividades escolares, ou ben antes do tempo do recreo; deste modo causaría unha alteración mínima da dinámica habitual na aula.

En experiencias previas realizadas nun centro de E.X.B. puidérónse extraer as seguintes conclusións:

1.^a—A aceptación por parte dos alumnos da experiencia pode sinalarse como moi positiva, salientando que algúns dos alumnos que en principio rexeitaban a proba adheríronse posteriormente a ela de forma voluntaria.

2.^a—Dada a idade dos alumnos e sendo o seu primeiro ano de estancia no colexio, conclúese que a primeira hora da mañá é a más idónea para realizar periodicamente os colutorios, co obxecto de centrar la máxima atención dos escolares na experiencia.

3.^a—A dose que suministra o dispensador facilitado pola casa fabricante da solución de fluoruro parécenos excesiva para nenos de 6 anos, polo que se corrixiu pasándoa de 14 c.c. aproximadamente a 7 c.c. (medio vaso).

4.^a—O minuto de duración do buche parécenos, ata que os nenos se familiaricen, excesivo; deixárase durante as primeiras experiencias á súa vontade a duración do mesmo.

Método profiláctico

O control da correcta cantidade de flúor que inxire o individuo por auga de bebida ou alimentos e a loita contra a formación de placa bacteriana sobre os dentes, son accións primordiais que se deben realizar nas campañas de prevención da carie dental. Neste sentido, o Programa de Saúde Buco-Dental da Consellería de Sanidade e Seguridade Social orientase a nivel práctico a:

1) Administrar flúor en colutorios ós escolares: o flúor ten un marcado efecto anticarie, xa que actúa sobre o esmalte do dente facéndoo máis resistente ó ataque ácido. O flúor diminúe a solubilidade da apatita aumentando a súa resistencia ó ataque ácido ó converte-la hidroxiapatita en fluorapatita. Ademais o flúor actúa sobre a placa bacteriana da superficie dos dentes e inactiva parcialmente, facéndoa menos prexudical e diminuíndo a produción de ácidos.

Demostrouse que este método, ademais do antedito, resulta ser un procedemento profiláctico máis práctico de realizar e de menor custo que outros, tamén bos, como a ionoferesis de xelas de flúor, o selado de fisuras con resinas compostas, etc. A inxestión de fluoruros, en gotas ou pastillas, non está recomendada como medicación nunha campaña escolar de prevención, dada a natural vixilancia de dosificación que necesitan, e si, en cambio, serán suministrados como medicación en cada caso individualizado.

2) Facer unha campaña institucional nos colexios e

medios de comunicación co fin de estimula-los nenos e adultos á mellora da hixiene buco-dental, baseada no correcto cepillado dos dentes (control e eliminación da placa bacteriana, e polo tanto evitar así a colonización con xermes carioxénos. Pautas da O.M.S. e da A.D.A.—1980, 1982— moi concretas neste sentido) e recomendacións dirixidas á menor inxestión de alimentos carioxénicos, ricos en hidratos de carbono.

Ambito de aplicación

O ámbito de aplicación do Programa será toda Galicia, mediante a oferta e a motivación da adhesión ó mesmo de tódolos centros de E.X.B.

Para iso os sanitarios locais farán visita de inspección ó centros e informarán da posta en marcha do Programa de Saúde Buco-dental e da posibilidade e conveniencia de segui-lo.

Concretarase nos niveis de E.X.B., en tódolos seus cursos en canto ó beneficio da educación para a saúde (a promover entre os claustros) e o seu seguimento —isto concretado en centros preseleccionados como mostra—, e limitado ós cursos de 1.^º e 2.^º de E.X.B. no que respecta ás enxaugaduras e revelado de placa.

As idades de 6 e 7 anos (1.^º e 2.^º de E.X.B.) son de gran transcendencia para a boa evolución da dentición definitiva, ó se-la idade na que aparece o primeiro molar definitivo, que serve de guía ó resto das pezas permanentes. Progresivamente extenderase ó resto dos niveis da E.X.B., para o que se espera contar coas disponibilidades presupostarias necesarias.

Poboación «diana» estimada para o Curso 1986-87

Poboación «diana» estimada para o Curso 1986-87	
Alumnos de 1. ^º e 2. ^º de E.X.B. (pública e privada).....	98.017
1. ^º de E.X.B.....	47.034
2. ^º de E.X.B.....	50.983

Comentarios ó método profiláctico Contido en flúor das augas de Galicia

O contido en flúor das augas de Galicia, igual có das demais do Norte de España, é moi baixo debido a que se trata, en xeral, de augas superficiais que teñen pouco percorrido pola terra e a que as rochas que componen a crosta terrestre neste territorio non teñen case nada de flúor que pase a disolución. Os valores encontrados nas análises realizadas no Programa «MAPA DE RECURSOS DE AUGA DE CONSUMO HUMANO», son, en xeral, inferiores a 0,1 mg/l. (0,1 ppm.), se ben en ocasións pódese encontrar algún valor que chegue a acadar a cifra de 0,5 mg./l. ou incluso un pouco máis.

É de destacar que algunhas augas mineiro-medicinais presentan valores que chegan ata 10 mg./l. Isto pódese explicar porque as ditas augas teñen unha orixe máis fonda e polo tanto o seu percorrido pola terra é maior e tamén a posibilidade de entrar en contacto con rochas que teñan maior contido en minerais de flúor. Isto tamén é aplicable ás augas termais.

Finalmente débese sinalar que as análises efectuadas en augas superficiais de lugares próximos a unha factoría na que se obtén alúmina e aluminio, e na que se producen pequenos escapes de compostos de flúor, non deron valores significativos máis altos que o resto das augas da provincia na que se encontra situada a devandita factoría.

Conveniencia de utilizar o ión fluoruro por vía tópica para diminuí-la incidencia da carie dental

Das diferentes medidas preconizadas para reduci-la incidencia da carie dental, a utilización do ión fluoruro, con vistas a aumenta-la resistencia dos dentes á disolución ácida, é o método máis recomendado nos últimos anos.

Por outra parte, e debido a que a contribución natural de ión flúor ó organismo é insuficiente para acadar a cifra que se considera como óptima, nos últimos anos tendeuse a proporciona-la cantidade precisa por medio dunha subministración artificial do flúor necesario; esta acción pódese realizar de dous modos distintos:

a) Vía sistémica, a través da fluoración da auga ou do sal.

b) Vía tópica, por medio de enxaugaduras, xeles dentais ou pastas dentífricas.

Polo que se refire á fluoración da auga, despois duns anos nos que se recomendou como o método máis eficaz, ergueronse voces que poñen en dúbida a idoneidade de tal medida baseándose, entre outras razóns, en que o fluoruro é un veneno enzimático, e en que se somete á poboación en xeral a unha «medicación» que vai favorecer fundamentalmente ós rapaces de idades inferiores a 14 anos, época na que ten lugar a odontoxénese.

Por esta razón está adquirindo cada vez maior difusión a utilización da vía tópica, debido entre outras razóns á dificultade de suministrar auga fluorada soamente ós escolares nos centros de estudio. Dos métodos que utiliza esta vía, o emprego dun colutorio de fluoruro de sodio ó 0,2%, para enxaugadura durante un minuto e ó ritmo dunha vez por semana é sen dúbida o más difundido en programas de prevención da carie.

Finalmente, e posto que nos últimos anos se ten considerado que o ión fluoruro pode ser proporcionado por medio das pastas dentífricas fluoradas, esta acción debe ser recomendada de forma especial como soporte ás enxaugaduras coa solución de fluoruro sódico.

¿Perigo de intoxicación?

Varios estudos científicos de solvencia recoñecida demostraron que coas concentracións de flúor usadas en prevención da carie dental mediante a utilización de enxaugaduras con flúor (colutorios) non se poden producir nunca os efectos derivados dunha intoxicación por flúor, senón que, ó contrario, a pequena cantidade que accidentalmente se puidese inxerir axudaría a potenciar a acción tópica do fluoruro a través da vía sistémica. Incluso se fala de que non resulta prexudicial para a saúde áinda no caso de que o contido en ión fluoruro da auga de bebida fose óptimo. Polo tanto moito menos o será no caso de que as augas sexan deficitarias en flúor, como é o caso das augas de Galicia.

CONCELLOS E AGREGACIÓN COMARCAL

(NIVEL VI MAPA SANITARIO DE GALICIA)

COMARCA DE CEDEIRA
Concello de Cedeira
Concello de Cerdedo

COMARCA DE ORTIGUEIRA
Concello de Ortigueira
Concello de Mañón

COMARCA DE NARÓN
Concello de Valdoviño
Concello de Narón

Concello de San Sadurniño
Concello de Moeche
Concello de Neda

COMARCA DE AS PONTES
Concello de Somozas
Concello de As Pontes

COMARCA DE FERROL
Concello de Ferrol
COMARCA DE FENE
Concello de Ares
Concello de Mugardos
Concello de Fene
Concello de Cañela

COMARCA DE PONTEDEUME
Concello de Cabanas
Concello de Pontedeume
Concello de Miño

Concello de Vilarmaior
Concello de Monfero

COMARCA DE CEE
Concello de Muxía
Concello de Dumbría

Concello de Cee

Concello de Fisterra

Concello de Corcubión

Concello de Ezaro-O Pindo (zona asimilada)

COMARCA DE VIMIANZO

Concello de Camariñas

Concello de Vimianzo

(Parroquias de Allo,

Baio e Vilar (Zas)

COMARCA DE PONTECESO

Concello de Malpica

Concello de Ponteveso

Concello de Cabana

Concello de Laxe

COMARCA DE CARBALLO

Concello de Laracha

Concello de Carballo

Concello de Coristanco

COMARCA DE ARTEIXO

Concello de Arteixo

COMARCA DE LA CORUÑA

Concello de A Coruña

COMARCA DE CULLEREDO-O BURGO

Concello de Culleredo

Concello de Cambre

Concello de Carral

Concello de Cereda

COMARCA DE OLEIROS

Concello de Oleiros

Concello de Sada

COMARCA DE BETANZOS

Concello de Bergondo

Concello de Betanzos

Concello de Paderne

Concello de Irixoa

Concello de Abeigondo

Concello de Oza dos Ríos

Concello de Coirós

Concello de Aranga

Concello de Cesuras

COMARCA DE SANTA COMBA

Concello de Zas

Concello de Santa Comba

Concello de Mazáricos

COMARCA DE NEGREIRA

Concello de A Baña

Concello de Negreira

COMARCA DE ORDES
Concello de Tordoia
Concello de Ordes

COMARCA DE CURTIS-TEIXEIRO
Concello de Curtis
Concello de Vilasantar

Concello de Sobrado

COMARCA DE SANTIAGO

Concello de Val do Dubra

Concello de Trazo

Concello de Ames

Concello de Santiago

Concello de O Pino

Concello de Boqueixón

Concello de Touro

Concello de Brión

Concello de Teo

Concello de Vedra

COMARCA DE MELIDE

Concello de Boimorto

Concello de Arzúa

Concello de Melide

Concello de Toques

Concello de Santiso

COMARCA DE MUROS

Concello de Carnota

Concello de Muros

COMARCA DE NOIA

Concello de Outes

Concello de Noia

Concello de Louzame

Concello de Portio do Son

COMARCA DE PADRÓN

Concello de Rois

Concello de Padrón

Concello de Dodro

Concello de Pontecesures

Concello de Valga

COMARCA DE BOIRO

Concello de Boiro

Concello de Rianxo

COMARCA DE RIBEIRA

Concello de A Pobra do Caramiñal

Concello de Ribeira

COMARCA DE ESTRADA

Concello de A Estrada

Concello de Cuntis

COMARCA DE LALÍN

Concello de Vila de Cruces

Concello de A Golada

Concello de Silleda

Concello de Lalín

Concello de Rodeiro

Concello de Dozón

COMARCA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Concello de Catoira

Concello de Vilagarcía de Arousa

COMARCA DE CALDAS DE REIS

Concello de Mondónedo

Concello de Lourenzá

COMARCA DE RIBADEO

Concello de Barreiros

Concello de Ribadeo

Concello de Trabada

COMARCA DE VILANOVA DE AROUSA

Concello de Vilanova de Arousa

COMARCA DE CAMBADOS

Concello de Cambados

Concello de Ribadumia

Concello de Meis

COMARCA DE O GROVE

Concello de O Grove

COMARCA DE SANXENXO

Concello de Sanxenxo

Concello de Maeaio

COMARCA DE PONTEVEDRA

Concello de Barro

Concello de Campo-Lameiro

Concello de Poio

Concello de Pontevedra
Concello de Cobadub
Concello de Vilaboa

Concello de Mesía

Concello de Frades

Concello de Oros

COMARCA DE CURTIS-TEIXEIRO

Concello de Cerdedo

Concello de Forcarei

COMARCA DE MARÍN

Concello de Marin

Concello de Bueu

COMARCA DE SANTIAGO

Concello de Cangas

Concello de Moaña

COMARCA DE REDONDELA

Concello de Soutomaior

Concello de Redondela

Concello de Pazos de Borbén

Concello de Fornelos de Montes

COMARCA DE VIGO

Concello de Vigo

COMARCA DE VAL MIÑOR-PANXÓN

Concello de Nigrán

Concello de Baiona

Concello de Gondomar

COMARCA DE PORRIÑO

Concello de Mos

Concello de Porriño

Concello de Santeda de Caselas

COMARCA DE PONTEAREAS

Concello de Ponteareas

Concello de Mondariz-Balneario

Concello de Mondariz

Concello de Covelio

COMARCA DE A CAÑIZA

Concello de A Cañiza

Concello de Crescente

Concello de Arbo

COMARCA DE GUARDA

Concello de Oia

Concello de Rosal

Concello de Guarda

COMARCA DE TUI

Concello de Tomiño

Concello de Tui

COMARCA DE SALVATERRA DE MIÑO

Concello de Salvaterra de Miño

Concello de As Neves

COMARCA DE VIVEIRO

Concello de Viveiro

Concello de Ouro

COMARCA DE CERVO-BURELA

Concello de Xove

Concello de Cervo

Concello de Foz

COMARCA DE VILALBA

Concello de Muras

Concello de Xermade

Concello de Vilalba

Concello de Abadín

Concello de Copeito

COMARCA DE MEIRA

Concello de Meira

Concello de Ribeira de Piñor

Concello de Pol

Concello de Castro de Rei (metade Norte)

COMARCA DE A FONSAGRADA
Concello de A Fonsagrada

Concello de Negreira de Muñiz

COMARCA DE GUITIRIZ

Concello de Guitiriz

COMARCA DE RÁBADE

Concello de Begonte

Concello de Rábade

Concello de Outeiro de Rei

COMARCA DE LUGO

Concello de Castro de Rei (metade Sur)

Concello de Friol

Concello de Lugo

Concello de Guntín

Concello de O Corgo

Concello de Portomarín

Concello de Taboada

COMARCA DE CASTROVERDE

Concello de Castroverde

Concello de Baleira

COMARCA DE PALAS DE REI

Concello de Palas de Rei

COMARCA DE MONTERROSO

Concello de Antas de Ulla

Concello de Monterroso

COMARCA DE SARRIA

Concello de Sarrizo

Concello de Láncara

Concello de Paradela

Concello de O Incio

Concello de Samos

Concello de Triacastela

COMARCA DE BECERREÁ

Concello de Baralla (Neira de Xusá)

Concello de Becerreá

Concello de Navia de Suarna

Concello de As Nogais

Concello de Cervantes

Concello de Pedrafita

COMARCA DE CHANTADA

Concello de Chantada

Concello de Carballido

COMARCA DE MONFRETE DE LEMOS

Concello de O Saviñao

Concello de Bóveda

Concello de Pantón

Concello de Monfrote de Lemos

Concello de Pobra de Brollón

Concello de Sober

COMARCA DE QUIROGA

Concello de Folgoso de Courel

Concello de Quiroga

Concello de Ribas de Sil

COMARCA DE O BARCO

Concello de A Rúa

Concello de Louros

Concello de Muíños

COMARCA DE XINZO DE LIMIA

Concello de Rairiz de Veiga

Concello de Vilar de Santos

Concello de